

## A profesora israelí, Ada Yonath, galardoada co Premio Nobel de Química 2009

06/11/2009



**Fonte:** Madri+d

A profesora israelí Ada Yonath, do Instituto Weizmann da Ciencia foi galardoada co Premio Nobel de Química 2009. A investigación da Prof. Yonath está impulsada pola curiosidade e a ambición de entender mellor o mundo e o noso lugar nel. Esta investigación apunta alto porque o que pretende é entender unha das máis complicadas “máquinas” do sistema biolóxico. A finais de 1970, a Prof. Yonath decidiu, cando era unha xoven estudante no Instituto Weizmann, asumir o reto de responder a unha das cuestións clave relativas ás actividades das células vivas: descifrala estrutura e o mecanismo de acción dos ribosomas – a célula fábrica de proteínas. Este foi o comezo dunha longa viaxe científica que durou décadas, e que require coraxe e devoción dende o principio. A viaxe comezou nun laboratorio modesto cun presuposto modesto, e cos anos, aumentou a decenas de investigadores e investigadoras baixo a dirección da Prof. Yonath.

### Máis información:

<http://www.madrimasd.org/informacionidi/noticias/noticia.asp?id=41401&origen=notiweb> [1]

**Palabras claves:** Científica, galardón

- [Noticias](#) [2]

- [Noticias](#)

### Source URL:

<http://unidadedamullereciencia.plexus.es/nova/profesora-israeli-ada-yonath-galardoada-co-premio-nobel-de-quimica-2009>

### Ligazóns:

[1] <http://www.madrimasd.org/informacionidi/noticias/noticia.asp?id=41401&origen=notiweb>

[2] <http://unidadedamullereciencia.plexus.es/category/taxonomia-tipos/noticias-0>